



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRINTA DE XULLO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia D. MANUEL COSTA CARNEIRO

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día trinta de xullo de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dez de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201400000000547 de don Manuel Barral Otero.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de rehabilitación de parte dunha vivenda, consistente en cambiar a cuberta da mesma, de aproximadamente 90 m², colocando uralita e tella, situada en Buxeiros de Arriba nº 3, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1) (Expediente núm.: 2014/U009/000027). As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000400400NH43C0001AR.

Dáse conta así mesmo da autorización do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons.



En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e seis euros con dezasete céntimos (#96,17#)

2.2.- Instancia núm. 201400000000699 de don Andrés Devesa Fandiño.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para obras de colocar tubos na gábea, aproximadamente 60 m de lonxitude, e cubrilos con cemento (Expediente. Núm.: 2014/U009/000035), no lugar de Trobe, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002201200NH43E0001QX.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 400mm de diámetro. Non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará ao mesmo nivel có vial de maneira que non sobresaia, debendo colocar unha arqueta de rexistro cada 6m. Ademais dado que a obra afecta á estrada AC-241, previo ao inicio das obras, deberá contar coa preceptiva autorización da Xunta de Galicia.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.3.- Instancia núm. 201400000000796 de don Jesús Castiñeiras Martínez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Cristovo de Merín, solicita licenza para obras de construción dunha rampla de acceso a finca de aproximadamente 4 m de ancho e colocación de dous piares para un portal (Expediente núm.: 2014/U009/000042), no lugar de Cazorráns, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001001800NH43E0001PX.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:



1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 400mm de diámetro.

Non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará ao mesmo nivel có vial de maneira que non sobresaia.

Ademais a distancia mínima para os postes será de 5m dende o eixo respecto do vial situado pola cara norte e de 6 m para o situado na cara este.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.4.- Instancia núm. 201400000000883 de don Alfonso Fernández Orosa.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de alpendre, consistente na substitución da tella existente por uralita e tella, nunha superficie aproximada de 20 m² (Expediente. Núm.: 2014/U009/000046), situado en Fraíz nº 6, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será de un ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.5.- Instancia núm. 201400000000264 de don José Javier Cimadevila Rey.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Nande (expediente núm.: 2014/U008/000003), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais”, segundo o vixente PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da



parcela neta. Núm.: plantas B; altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto D. Diego Lareo Castro, cun orzamento de 177.045,82 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A00400611.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construírse de acordo co proxecto presentado.

En cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2002 deberá dota-la finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento.

Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para viais, que deberá quedar axardinada e co mesmo rasante có vial.

A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel có vial e deberase colocarse por debaixo un tubo de sección mínima 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil cincocentos corenta euros con noventa e dous céntimos (#3.540,92#).

2.6.- Instancia núm. 201300000000783 de don Pablo Seco Miranda.
(Expediente número 2013/U007/000005)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, expón que con data 06/02/2007 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción de vivenda unifamiliar en Outeiro- San Pedro de Vilanova, (licenza núm. 17/2007), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90#) euros, xa ingresada nas arcas municipais.

2.7.- Instancia número 201400000000891 de don Francisco J. Bellet García.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, comunica a existencia dun erro na parcelación aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data do 22 de marzo de 2011, solicitada por Jesús Turnes González para parcelación de finca en Trasariz na parroquia de San Fins de Sales nos termos do proxecto redactado para os efectos asinado por Francisco J. Bellet García e de data 15 de febreiro de 2011, e



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



mediante un anexo de data 4 de xullo de 2014 presenta a corrección dos erros detectados.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda aprobar o anexo de corrección de erros presentado con data do 4 de xullo de 2014 e número de Rexistro Xeral de entrada 891.

3º.- Certificacións de obras.

3.1.- Certificación núm. 1 e última da obra de *Acondicionamento de camiños en O Castro, Laraño, San Pedro de Sarandón, Cubelas e A Boca do POS 2014*.

Dáse conta da certificación núm. 1 e última da obra de *Acondicionamento de camiños en O Castro, Laraño, San Pedro de Sarandón, Cubelas e A Boca* (Código 14.2100.0201.0), incluída no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2014), e mais da factura núm. 50/14 da empresa adxudicataria Martínez Montes e Hijos, S.L, por importe de noventa e un mil cento cincuenta e dous euros con noventa e tres céntimos (#91.152,93#), sendo a directora da obra a técnica municipal dona Clara Lema Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura

4º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
065//14	30/06/2014	40,05	Reparaciones Sinde , S.L.	Reparación da rozadora do tractor E-9223-BBB en abril
A 10	09/07/2014	638,69	Núñez Rúa Manuel- Claudio O Terron	Produtos de limpeza e aseo e outros subministrados durante o 2T/2014
14/13	27/03/2014	121,00	Herraiz Cabanas Rosa	Traballos de deseño gráfico para a corrección e actualización do folleto Son Vedra para a web vedraturismo (Soy Vedra)
92993988	04/07/2014	453,51	Siemens Renting, S.A.	Aluguer da fotocopiadora da planta baixa mes xullo
FV-14/3	30/06/2014	420,00	Garcia Cabal Guadalupe J.	Achega trimestral do Concello para o curso de manualidades 2013/2014
20	30/04/2014	267,41	Camino Bouzon Miguel Angel	Reparación da caldeira da calefacción da gardería municipal realizada en abril
21	30/04/2014	123,42	Camino Bouzon Miguel Angel	Traballos de mantemento realizados na casa da 3ª Idade no mes de abril
23	30/05/2014	1.234,20	Camino Bouzon Miguel Angel	Traballos de instalación do sistema de rego no campo de fútbol de Vedra realizados en maio
28	30/06/2014	62,92	Camino Bouzon Miguel Angel	Traballos de mantemento realizados no centro de saúde de Vedra no mes de xuño



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



29	30/06/2014	1.183,38	Camino Bouzon Miguel Angel	Traballos de reparación e mantemento realizados na piscina municipal no mes de xuño
231//14	30/06/2014	891,75	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Materiais para mantemento das rozadoras dos tractores e das manuais da brigada verde subministrados en xuño
14/00402	30/06/2014	229,90	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizos prestados no punto limpo no mes de xuño (retirada de escombros)
14/00401	30/06/2014	115,50	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizos prestados no punto limpo no mes de xuño (retirada de pneumáticos usados)
11-14	30/06/2014	675,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de xuño/2014 e acollimento de dous animais dende o 1 ata o 30 de xuño
V1400384	30/06/2014	660,66	Servinor Prevención, S.L.	Cota anual do concerto de prevención de riscos laborais (vixilancia colectiva dos distintos postos de traballo)
A 1400612	30/06/2014	1.173,70	Servinor Prevención, S.L.	Cota anual do concerto de prevención de riscos laborais (especificacións técnicas das instalacións)
FRA. 05/2014	01/05/2014	26,56	DTS, SA (Digital +)	Subscrición servizo TV dixital e Canal + na casa da 3ª Idade mes maio
FRA. 06/2014	01/06/2014	26,56	DTS, SA (Digital +)	Subscrición servizo de TV dixital e Canal + na casa da 3ª Idade mes xuño
FRA. 07/2014	01/07/2014	26,56	DTS, SA (Digital +)	Subscrición servizo de TV dixital e Canal + na casa da 3ª Idade mes xullo
14/000102	30/06/2014	165,10	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para mantemento de maquinaria, edificios e instalacións (museo, casa 3ª Idade, piscina) subministrados en xuño
14/000103	30/06/2014	911,13	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para arranxo de pista en Ferreira - San Fins subministrados en xuño
14/000104	30/06/2014	1.611,60	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais (formigón, cemento e outros) para a obra construción beirarrúas en Pousada - Vedra, subvencionada pola Deputación
S312542/001	01/04/2014	41,00	Editorial Compostela, SA	Subscrición a El Correo Gallego mes abril
S/315076	01/05/2014	41,00	Editorial Compostela, SA	Subscrición a El Correo Gallego mes maio
4317479	01/06/2014	41,00	Editorial Compostela, SA	Subscrición a El Correo Gallego mes xuño
4319916	01/07/2014	41,00	Editorial Compostela, SA	Subscrición a El Correo Gallego mes xullo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



68346/82 304	09/07/2014	370,26	Doublet Iberica, S.A.	Mastros e peañas de madeira para o servizo do concello
14010384 73	01/07/2014	223,12	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes xullo
30140004 86	07/07/2014	584,88	Maquinaria Agrícola del Noroeste S.L.	Revisión do tractor John Deere 6630 matrícula E7264BFN realizada en xullo
23	30/06/2014	598,95	Inteaga Enxeñería, S.C.	Coordinación seguridade e saúde da obra acondicionamento camiños en Texo, Ferreira e S.Miguel, subvencionada pola Agader
24	30/06/2014	907,50	Inteaga Enxeñería, S.C.	Coordinación seguridade e saúde da obra acondicionamento camiños en Castro, Laraño, S.Pedro, Cubelas e A Boca (POS/2014)
1405277	01/07/2014	231,44	Proel Ascensores, S.L.	Servizos de conservación e mantemento do equipo elevador do CPI de Vedra no 3T/2014
A/14.307	15/07/2014	495,58	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón para a obra construción de beirarrúas en Pousada - Vedra (subvencionada pola Deputación) subministrado en xullo
312	15/07/2014	90,75	Maderas C. Lata S.L.	Materiais para a obra construción de beirarrúas en Pousada - Vedra (subvencionada pola Deputación) subministrados en xullo
319	17/07/2014	90,75	Maderas C. Lata S.L.	Materiais servidos en xullo para a obra subvencionada pola Deputación construción de beirarrúas en Pousada - Vedra
TA4S500 27073	19/07/2014	22,38	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento de Servizos Sociais municipais mes xullo
CI072651 0646	15/07/2014	1.405,55	Vodafone España, S.A.U.	Servizos de telefonía móbil e fixa durante o período do 15/06/2014 ao 14/07/2014
Recibo	17/07/2014	8,80	O Forno da Ulla S.L.	Produtos para a campaña municipal de promoción turística As Tabernas da Ulla
2014/047	10/07/2014	66,55	Xestedec Comunicación	Impresión e subministro de 500 entradas para a XXIV Romaría da 3ª Idade de Vedra
2014/048	10/07/2014	871,20	Xestedec Comunicación	Impresión e subministro de dípticos e folletos para a campaña de promoción turística municipal As Tabernas da Ulla
2014/052	16/07/2014	703,01	Xestedec Comunicación	Subministro de materiais (lonas) para promoción das actividades da Oficina Municipal de Información Xuvenil



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



135	22/07/2014	6.000,00	Banda Musica Santa Cruz	Importe de 6 actuacións parroquiais levadas a cabo nos meses de febreiro a xullo de acordo co Convenio do ano 2014
P 404.624	21/07/2014	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2014 a marzo/2015 mes xullo
50782749	10/07/2014	355,22	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo por fotocopias das máquinas das oficinas xerais e de servizos sociais mes xullo
CR 14/14	23/07/2014	254,10	Galitrans-96, S.L.	Servizo de transporte de alimentos da Cruz Vermella dende Coruña a Vedra para os servizos sociais municipais en xullo
1034	15/06/2014	1.542,51	Montaxes Eléctricos Fernandez, S.L.	Subministro e instalación de dous farois de iluminación pública en Trobe
34 5629	16/07/2014	1.318,50	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na nave de Trobe en xullo
24 2027	18/07/2014	1.918,50	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo A para os vehículos municipais subministrado na nave de Trobe en xullo
FE14321 14886586 5	04/06/2014	354,06	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á casa consistorial durante o mes de maio (IP 03AF00401_0132)
FE14321 14886586 6	04/06/2014	1.039,46	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra mes maio (IP 03B000401_0132)
FE14321 14871842 1	03/06/2014	201,44	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á gardería mes maio (IP 03B200401_0132)
FE14321 14886586 4	04/06/2014	830,58	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande mes maio (IP 053B00402_0132)
FE14321 14871842 4	03/06/2014	42,82	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Paradela mes maio (IP 0ACE00403_0132)
FE14321 14911038 4	09/06/2014	282,54	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Sol meses abril e maio (IP 0ACE00403_0132)
FRAS. MES XUÑO/2 014	03/06/2014	1.198,01	Gas Natural Servicios SDG S.A.	5 fras. de xuño por subministro a alumeados públicos en Dozar, Fufín, Sol e Ponte Ulla mes maio (IP 0AE200403_0132)
11405115 88333	01/06/2014	14,51	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao bombeo de Socastro mes maio (Cod. Agrup. CP888)
11406113 86295	30/06/2014	12,03	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao bombeo de Socastro mes xuño (Cod. Agrup. CP888)
2 FRAS. XUÑO/2 014	30/06/2014	25,32	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ás dependencias da escola de San Xián meses maio e xuño (Cod. Agrup. CP424)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



11405115 61362	01/06/2014	173,99	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Vedra mes maio (Cod. Agrup. CP22)
11405116 21965	01/06/2014	41,42	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Santa Cruz mes maio (Cod. Agrup. CP22)
11406113 24772	30/06/2014	27,06	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Vedra mes xuño (Cod. Agrup. CP22)
11406114 33788	30/06/2014	36,07	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Santa Cruz mes xuño (Cod. Agrup. CP22)
FRAS. XUÑO/2 014	01/06/2014	4.113,87	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	154 fras. de datas 01 e 30/06/2014 por subministro á iluminación pública meses maio e xuño (Cod. Agrup. CP2490)
S14/0175 93	01/02/2014	33,00	La Voz de Galicia, S.A.	Subscripción a La Voz de Galicia mes febreiro
S14/0311 76	01/03/2014	33,00	La Voz de Galicia, S.A.	Subscripción a La Voz de Galicia mes marzo
S14/0457 56	01/04/2014	33,00	La Voz de Galicia, S.A.	Subscripción a La Voz de Galicia mes abril
S14/0522 43	01/05/2014	33,00	La Voz de Galicia, S.A.	Subscripción a La Voz de Galicia mes maio
S14/0737 03	01/06/2014	33,00	La Voz de Galicia, S.A.	Subscripción a La Voz de Galicia mes xuño
51	29/07/2014	1.089,00	Bellett Garcia Javier- Ingeniero T. Agrícola	Levantamento topográfico e informe pericial sobre ocupación de terreo para a obra vial de acceso a Paradela - San Xián
1407C01 03574	01/07/2014	168,76	Securitas Direct S.A.	Mantemento da alarma da casa da 3ª Idade período 3T/2014
1407C01 31694	01/07/2014	171,95	Securitas Direct S.A.	Mantemento da alarma da biblioteca municipal período 3T/2014
1407C01 38859	01/07/2014	237,95	Securitas Direct S.A.	Mantemento da alarma da casa consistorial período 3T/2014
		226,92	Membros da mesa de selección de persoal para cubrir a baixa por paternidade da praza de axudante da recollida do lixo e vacacións anuais do titular do servizo	Indemnizacións pola reunión mantida o día 16 de xullo de 2014 en relación co recurso de reposición interposto contra a proposta de contratación efectuada no seu día
		10,75	Canedo de la Torre María	Quilometraxe por xestións da tesourería mes xullo

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

5º.- Outros asuntos.



5.1.- Aprobación padrón fiscal taxa abastecemento de auga do 2º trimestre de 2014.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 2º trimestre de 2014, remitido pola empresa concesionaria do servizo, Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U, cuxo resumo é o seguinte:

Contribuíntes: 98.

m3 facturados: 1847.

Importe total: 2.354,81 euros.

Canon da auga: 591,36 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

5.2.- Acordo, se procede, sobre solicitudes de subvención.

5.2.1.- Solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar.

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 9 de xullo de 2014, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014 (DOG núm. 137/14, do 21 de xullo).

Ao abeiro da mesma a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención e aprobar o proxecto para o que se solicita a mesma.

5.2.2.- Solicitud de subvención á Deputación Provincial

Dáse conta das bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixido aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a realización de investimentos no ámbito do medio ambiente (BOP núm. 122/14, do 30 de xuño), que complementan as bases xerais reguladoras das convocatorias de subvencións da Deputación publicadas no BOP 217/13, do 14 de novembro.

Dentro da convocatoria a Xunta de Goberno acorda presentar unha solicitude para o investimento Acondicionamento Corredor Río Ulla (San Xoán da Cova)

5.3.- Escrito núm. 201400000000952 do Club Ciclista Luou.

Dáse conta do citado escrito no que o Club Ciclista Luou expón que o vindeiro 17 de agosto levarase a cabo a XV edición da proba ciclista Trofeo Vila de Luou e como vén sendo costume os cadetes farán o percorrido por estradas dos concellos de Teo e Vedra, disputando o Sprint en Vedra diante da Casa do Concello e puntuando para o premio de Montaña ao paso por San Miguel de Sarandón, solicitando unha axuda económica para costear a citada proba.

A Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda por importe de douscentos (#200,00#) euros.

5.4.- Escrito núm. 201400000001000 da Asociación Cultural e de Festexos Santa Baia.

Dáse conta do citado escrito no que don Joaquín Cerdeira, como membro da Asociación Cultural e de Festexos Santa Baia de Vedra, expón que no ano 2012 a citada



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



asociación non puido beneficiarse da subvención para a contratación da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla xa que o convenio entre o concello e a banda, que comezou ese ano, acordouse con posterioridade á contratación das actuacións para as festas; polo que solicita unha axuda de 800 euros para compensar a subvención perdida do ano 2012, achegando xustificantes de gastos.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de oitocentos (#800,00#) euros.

5.5.- Convenio coa *Fundación de los Ferrocarriles Españoles*.

Dáse conta do convenio coa *Fundación de los Ferrocarriles Españoles* que ten como obxecto a cesión ao concello do uso temporal e depósito do coche remolque con numeración 593.047.4, que será retirado polo concello dende a súa actual situación na vía morta da zona de carga da estación de Monforte de Lemos ata a estación de Santa Cruz de Ribadulla para o seu acondicionamento como local cultural e de exposicións.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado convenio.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.